

NOTAS SOBRE O XÉNERO ENTOLOMA EN GALICIA (II):

Entoloma parasiticum (QUÉL.) KREISEL

por

J.B.BLANCO-DIOS¹ et A.CASTRO GONZÁLEZ²

BLANCO-DIOS, J.B. et CASTRO GONZÁLEZ, A. 2008. Notas sobre o xénero *Entoloma* en Galicia (II): *Entoloma parasiticum* (QuéL.) Kreisel. *Mykes* 11: 13-16.

RESUMO

Descríbese e ilústrase *Entoloma parasiticum*, diminuta especie encontrada sobre *Cantharellus* cf. *subpruinus*. Trátase da primeira cita para Galicia e a segunda para a Península Ibérica.

Palabras clave: *Basidiomycota*, *Entoloma*, coroloxía, taxonomía, Galicia, NW Península Ibérica.

BLANCO-DIOS, J.B. et CASTRO GONZÁLEZ, A. 2008. Notes on genus *Entoloma* in Galicia (II): *Entoloma parasiticum* (QuéL.) Kreisel. *Mykes* 11: 13-16.

SUMMARY

We describe and show *Entoloma parasiticum*, a very small species found on *Cantharellus* cf. *subpruinus*. It is the first record from Galicia and the second one from the Iberian Peninsula.

Key words: *Basidiomycota*, *Entoloma*, chorology, taxonomy, Galicia, NW Iberian Peninsula.

INTRODUCCIÓN

Nesta segunda contribución ó coñecemento do xénero *Entoloma* en Galicia (BLANCO-DIOS, 1999) presentamos o achádego na nosa comunidade de *Entoloma parasiticum* (QuéL.) Kreisel, especie encadrada na familia *Entolomataceae*

¹Apdo 127, E-36003-Pontevedra. e-mail: jbblancodios@gmail.com. Membro do Grupo Micolóxico Galego Luis Freire.

²Asociación Vaipolorío. Preescolar de Cabanas, Salcedo, Pontevedra.

(*Basidiomycota*, *Agaricales*), e que se caracteriza polo seu pequeno tamaño, o píleo branco e tomentoso, o tamaño e forma das esporas, a ausencia de pigmento na pileipellis e, sobre todo, polo hábitat sobre outros fungos (*Cantharellus* spp., *Coltricia perennis* e *Trametes versicolor*), brións vivos e sobre materia orgánica en descomposición, como casca podre de coníferas (FITZPATRICK, 1915; BULLER, 1924; OVERHOLTS, 1929 e NOORDELOOS, 1992).

Encontráronse varios exemplares desta especie sobre o estipe dun carpóforo de *Cantharellus* cf. *subpruinus* Eyssartier et Buyck. *E. parasiticum* é un taxón descoñecido ata o de agora en territorio galego e que describimos con detalle de seguido.

METODOLOXÍA

O estudo macroscópico do taxón descrito fíxose a partires das anotacións e imaxes fotográficas efectuadas sobre exemplares frescos.

O estudo microscópico efectuouse utilizando solucións de vermello congo en auga ó 1% e reactivo de Melzer.

Para o estudo taxonómico empregáronse basicamente os traballos monográficos de NOORDELOOS (1987, 1988, 1992 e 2004).

O material estudado neste artigo encóntrase depositado no herbario LOU-Fungi (Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán, Pontevedra, España).

DESCRIPCIÓN

***Entoloma parasiticum* (Quél.) Kreisel, *Feddes Repert.* 95:699. 1984**

≡ *Leptonia parasitica* Quél. *Bull. Soc. Bot. France* 25: 287. 1878 [basión.]

Macroscopía: Píleo de (1,5) 2,5-5 mm de diámetro, circular, anchamente mamelonado nos exemplares adultos (mamelón de 1,5-2,5 mm de ancho, excéntrico ou semicentrado), coa marxe lixeiramente excedente, branca, densamente seríceo-aldonoso. Láminas moi espaciadas, estreitas, adnatas, con arista enteira, primeiramente de cor entre crema, ocre e lixeiramente rosada nos exemplares xoves, e entre crema e ocre na cara e entre marrón e rosada na arista nos adultos.

Estipe de 1-2,5 x 0,5-1,5 mm, excéntrico, branco, pruinoso, densamente aldonoso na base. Carne branca, con olor e sabor indefinidos.

Microscopía: Esporas 8,7-10,5 (11,5) $\times$ (6,3) 7,7-9 (10,8) μm , $Q=1,05-1,4$, $n=30$, subisodiamétricas, con 5-7 ángulos vistas de perfil. Esporada rosa pálida. Basidios tetraspóricos e fibulados, de 24-35 $\times$ 10-12 μm , con esterigmas de 2-2,5 μm de longo. Cistidios non observados. Pileipelis constituída por unha cutis de hifas cilíndricas, lixeiramente estreitadas nos septos, de 3-6 μm de ancho. Fíbulas presentes. Pigmento non observado.

Material estudiado

PONTEVEDRA: Pontevedra, Lourizán, 29TNG2795, 70 m, en plantación de *Quercus rubra* e *Castanea x coudercii*, sobre *Cantharellus* cf. *subpruinus*, 3 I-V-2008, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19420.

Observacións

Como se pode apreciar nas fotos adxuntas, ademáis do micelio deste fungo, só se encontraron seis fructificacións en diferentes graos de desenvolvemento nun carpóforo de cantarela.

Esta especie está incluída no subxénero *Claudopus* (Gillet) Noordel., sección *Claudopus* Noordel., onde se inclúen especies con hábito pleurotoide, píleo regular ou irregular circular, flabeliforme ou espatulado, estipe reducido, lateral ou ausente (NOORDELOOS, 1992). Segundo este mesmo autor, esta especie coñécese das rexións setentrionais temperadas de Europa e América do Norte. Segundo a bibliografía consultada, na Península Ibérica, só foi citada



Entoloma parasiticum

de Asturias “Reconco, 29TQJ397059, 200, Grado, sobre el suelo de bosque de planifolios variados” (RUBIO et al., 2006), mais sen descripción ó tratarse dun catálogo de especies desa comunidade autónoma.



Entoloma parasiticum

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO-DIOS, J.B. 1999. Una forma teratológica del género *Entoloma*. *Doc. Mycol.* 29(114): 63-64.
- BULLER, A.H.R. 1924. *Researches on fungi. Vol. III. The production and liberation of spores in Hymenomycetes and Uredineae.* Longmans, Green & Co. London.
- FITZPATRICK, H.M. 1915. A parasitic species of *Claudopus*. *Mycologia* 7(1): 34-37.
- NOORDELOOS, M.E. 1987. *Entoloma* (Agaricales) in Europe. Synopsis and keys to all species and a monograph of the subgenera *Trichopilus*, *Inocephalus*, *Alboleptonia*, *Leptonia*, *Paraleptonia* and *Omphaliopsis*. *Beih. Nova Hedwigia* 91. J. Cramer. Vaduz.
- NOORDELOOS, M.E. 1988. *Entolomataceae* Kotl. & P. In: C. Bas, Th. W. Kuyper, M.E. Noordeloos & E.C. Vellinga (eds.). *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of Agarics and Boleti occurring in the Netherlands.* A.A. Balkema. Rotterdam. Brookfield. 1: 77-177.
- NOORDELOOS, M.E. 1992. *Entoloma* s.l. *Fungi Europaei* 5. Giovanna Biella, Saronno.
- NOORDELOOS, M.E. 2004. *Entoloma* s.l. (Supplemento) *Fungi Europaei* 5A. Ed. Candusso. Alassio.
- OVERHOLTS, L.O. 1929. Mycological notes for 1926-27. *Mycologia* 21: 274-287.
- RUBIO, E., SUÁREZ, A., MIRANDA, M.A. et LINDE, J. 2006. *Catálogo provisional de los macromicetos (setas) de Asturias.* Ed. Idea. Oviedo.